



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE ALUMNOS AO CONSELLO ESCOLAR

ASUNTO: RENOVACIÓN DE 3 REPRESENTANTES DO ALUMNADO NO CONSELLO ESCOLAR.

CONVOCATORIA

De acordo coa resolución do 19 de setembro de 2022, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo coa actual lexislación, corresponde elixir no presente proceso electoral a **UN REPRESENTANTE DO ALUMNADO** dun total de catro que debe ter o Consello Escolar. Os outros tres representante do alumnado continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021_22.

2.- Son electores todos os alumnos matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data estará exposto na Secretaría do Centro.

3.- Son elixibles todos os alumnos que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro. **As candidaturas poderán ser presentadas dende o día 4 ata as 14'00 horas do día 15 de novembro 2022.**

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizárase en acto público, entre os alumnos que non se presenten como candidatos/as, o 16 de novembro, ás 11:05 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, e dous alumnos, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 17 ao 23 de novembro, incluídos ambos días. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro.

6.- As votacións realizaranse neste IES o **día 23 de novembro, en urna itinerante polas aulas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 09:20 horas.

7.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar como máximo **un NOME** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

8.- Ten dereito ao voto todo o alumnado matriculado no Centro.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ourense a, 7 de novembro de 2022

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Fco. Antonio Rodríguez Rodríguez